



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2026/G010/000004. PLENO SESIÓN ORDINARIA 16 DE MARZO DE 2026.**

**ACTA Nº 2026/4**

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: luns 16 de marzo de 2026

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 22.34 horas

### **PRESIDE:**

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ (alcalde-presidente)

### **ASISTEN:**

#### Concelleiros

#### **Partido Popular (PP)**

REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO

ALFREDO SOUTO CASTELO

ISOLINA SUÁREZ MILLÁN

MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

#### **Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)**

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO

EMMA BLANCO LOIS

#### **Partido Galego (PG)**

JESUS MARTINEZ PEREIRA

#### **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

#### **Concelleiro non adscrito**

DARÍO REY SUAREZ

### **Outras asistencias:**

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

## **I PARTE RESOLUTORIA**

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000015. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 13 de novembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/G010/000016. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 27 de novembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

3 EXPEDIENTE 2025/G010/000017. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 11 de decembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

4 EXPEDIENTE 2025/G010/000018. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 23 de decembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

5 EXPEDIENTE 2024/C004/000005. Servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Touro. Prórroga contrato.

6 EXPEDIENTE 2026/T004/000001. Orzamento municipal exercicio 2026. Aprobación.

7 EXPEDIENTE 2026/X999/000010. Sistema de videoactas no Concello de Touro. Aprobación.

## II PARTE DE CONTROL

8 EXPEDIENTE 2026/G006/000058. Decretos da Alcaldía ditados entre o 19 de febreiro e o 10 de marzo de 2026. Toma de razón. Toma de razón.

9 Mocións.

9.1 Moción Grupo Municipal BNG para facilitar a solicitude de axudas para a rehabilitación de vivenda.

10 Rogos e preguntas.

## I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

### 1 EXPEDIENTE 2025/G010/000015. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE NOVIEMBRE DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

#### ANTECEDENTES

13.11.2025. Sesión do Pleno do Concello.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

#### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 13 de novembro de 2025.

**SEGUNDO.** Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

#### INTERVENCÍONS

Non se producen.

#### VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

### 2 EXPEDIENTE 2025/G010/000016. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 27 DE NOVIEMBRE DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

#### ANTECEDENTES

27.11.2025. Sesión do Pleno do Concello.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 27 de novembro de 2025.

**SEGUNDO.** Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

### INTERVENCIÓNS

Non se producen.

### VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

### 3 EXPEDIENTE 2025/G010/000017. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE DECEMBRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

### ANTECEDENTES

11.12.2025. Sesión do Pleno do Concello.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 11 de decembro de 2025.

**SEGUNDO.** Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

### INTERVENCIÓNS

Non se producen.

### VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

#### **4 EXPEDIENTE 2025/G010/000017. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.**

##### **ANTECEDENTES**

23.12.2025. Sesión do Pleno do Concello.

##### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

##### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 23 de decembro de 2025.

**SEGUNDO.** Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

##### **INTERVENCÍONS**

Non se producen.

##### **VOTACIÓN**

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

#### **5 EXPEDIENTE 2024/C004/000005. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE TOURO. PRÓRROGA CONTRATO.**

Por parte do Sr. Alcalde procedeuse a facer un resumo da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión de Asuntos Xerais celebrada o 9 de marzo de 2026, co seguinte contido:

##### **ANTECEDENTES**

06/02/2025. Acordo do Pleno da Corporación, sesión ordinaria pola que se acordou a adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar (SAF) nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan no prego de prescripcíons técnicas particulares (PPTP) e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen na contratación á mercantil SENES CIT, S.L. con C.I.F. B15724719.

19.03.2025 Sinatura do contrato administrativo onde consta que A duración inicial do contrato será de 1 ano, a partir do día 1 de abril de 2025, con posibilidade de prórroga (1+1 +1).

02.03.2026 Escrito presentado por SENES CIT, S.L. con C.I.F. B15724719 manifestando o seu interés en prorrogar o contrato e continuar na prestación do servizo.

##### **PROPOSTA DE ACORDO.**

**PRIMEIRO.** Prorrogar o contrato de servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Touro coa mercantil SENES CIT, S.L. con C.I.F. B15724719 nas condicións contempladas no contrato administrativo asinado o 19 de marzo de 2025

Prezo total:	Hora ordinaria modalidade dependencia 24,52 € Hora extraordinaria modalidade dependencia 26,98 € Hora ordinaria modalidade libre concorrencia 25,94 €
Base impositible:	Hora ordinaria modalidade dependencia 23,58 €



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

	<i>Hora extraordinaria modalidade dependencia 25,94 €</i> <i>Hora ordinaria modalidade libre concorrencia 23,58 €</i>
<i>IVE</i>	<i>Hora ordinaria modalidade dependencia 0,94 €</i> <i>Hora extraordinaria modalidade dependencia 1,04 €</i> <i>Hora ordinaria modalidade libre concorrencia 2,36 €</i>

- Un 4 % de incremento dos salarios fixados no Convenio.

- A dispoñibilidade dun local no Concello de Touro.

- As seguintes axudas técnicas sen custe, tanto para a administración local coma para a persoa usuaria. A xestión destas axudas (entrega en domicilio, mantemento e recollida) será por conta da empresa adxudicataria.

<b>AXUDAS TÉCNICAS</b>	<b>Unidades mínimas (PPTP)</b>	<b>Unidades ofertadas</b>	<b>Total unidades</b>
<i>Guindastre de mobilización persoal</i>	4	10	<b>14</b>
<i>Cama articulada eléctrica con carro elevador</i>	4	10	<b>14</b>
<i>Cadeira de rodas para ducha</i>	3	10	<b>13</b>
<i>Asento de bañeira ou ducha</i>	2	10	<b>12</b>
<i>Colchón antiescaras</i>	3	10	<b>13</b>
<i>Andadores</i>	2	5	<b>7</b>
<i>Cadeira de rodas</i>	2	5	<b>7</b>

- Os seguintes servizos complementarios sen custe, para a persoa beneficiaria, sendo asumido na súa totalidade pola empresa adxudicataria.

<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	<b>Horas mínimas de servizo (PPTP)</b>	<b>Unidades ofertadas</b>	<b>Total horas a prestar</b>
<i>Podoloxía a domicilio</i>	60	80	<b>140</b>
<i>Perruquería a domicilio</i>	60	80	<b>140</b>
<i>Fisioterapia a domicilio</i>	60	80	<b>140</b>
<i>Enfermería a domicilio</i>	60	80	<b>140</b>
<i>Atención psicolóxica</i>	60	80	<b>140</b>
<i>Terapia ocupacional</i>	40	80	<b>120</b>

- 50 horas de limpeza de choque sen custe, tanto para a administración coma para a persoa usuaria, que, por circunstancias excepcionais e a xuízo do persoal técnico, se consideren necesarias para a articulación do servizo.

**SEGUNDO.** O prazo de execución do contrato é de un ano a contar dende a data de finalización do contrato inicial, que comezou o pasado 01/04/2025 e cuxo fin está previsto para o 31/03/2026, comezando a prórroga o 01/04/2026 e finalizando o 01/04/2027.

**TERCEIRO.** A execución deste contrato realizarase con estrita suxeición aos documentos contidos no contrato orixinal que agora se prorroga: Prego Modelo de Cláusulas Administrativas (PCAP) ao de Prescricións Técnicas Particulares (PPT), á oferta económica presentada polo contratista e ao contrato administrativo asinado o 19.03.2025.

**CUARTO.** Notificar a SENES CIT, S.L. con C.I.F. B15724719, adxudicatario do contrato xunto cos recursos que procedan, o presente acordo e citarlle para a formalización da prórroga do contrato.

**QUINTO.** Publicar anuncio de formalización da prórroga do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección da prórroga do contrato.

Tras a quenda de intervencións procedeuse

## **VOTACIÓN**

Resultando aprobada a prórroga do contrato de servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Touro, por maioría absoluta por sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), e catro abstencións (3 concelleiros de MVXT e o concelleiro do PG); sendo once o número legal de membros da Corporación.

## **6 EXPEDIENTE 2026/T004/000001. ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2026. APROBACIÓN.**

Por parte da alcaldía expúxose o contido da Memoria explicativa do orzamento que consta no expediente co seguinte tenor literal:

*Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co Orzamento municipal de 2025 (prorrogado de 2022), que formula o alcalde – presidente, en cumprimento do disposto nos artigos 168.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais e o artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988 en materia de orzamentos.*

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

*A formulación do orzamento realízase conforme ao establecido en*

#### **A) Lexislación de Réxime Local**

- *Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LRBRL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLFL)*
- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, en materia de presupostos (RD 500, en adiante)*

#### **B) Lexislación Estatal**

- *Lei 18/2001 de 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria (en adiante LXEO).*
- *Lei 47/2003 do 23 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria*
- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira.*

### **CONTIDO E ANEXOS DO ORZAMENTO XERAL**

*Conforme a lexislación anterior, o concello ten que aprobar anualmente un orzamento único que coincide co ano natural e que está integrado polo da propia entidade e dos organismos e empresas locais con personalidade xurídica propia dependentes daquela (artigo 121.1 da LRBRL e artigo 164.1 da TRLFL).*

*O orzamento de Touro é o da propia entidade, pois non existen organismos e empresas dependentes. E este mesmo constitúe o Orzamento xeral ao que se refire o TRLFL nos seus artigos 162 e seguintes.*

*Está constituído por (artigos 165.1, 166.1. a), b), c), d) e e) e artigo 166.2 e 3 d), e artigo 168 do TRLFL):*

- *Estado de Gastos, no que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigacións.*
- *Estado de Ingresos, no que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.*



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

- Bases de Execución do Orzamento.

- Estado da previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle das operacións de crédito o endebedamento pendentes de reembolso o inicio do exercicio e do volume de endebedamento o cerre do exercicio. Aclárase que non se engade este anexo xa que non se conta con débeda

- Memoria explicativa do contido do orzamento e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.

- Liquidación do Presuposto do exercicio anterior e avance da liquidación do exercicio corrente de ao menos 6 meses.

- Anexo de persoal.

- Anexo de inversións a realizar durante o exercicio.

- Informe económico – financeiro

## CONTIDO E MODIFICACIÓNS EN RELACIÓN CO ORZAMENTO ANTERIOR

### GASTOS

O Orzamento de Gastos ordinario para 2026 ascende a 5.350.000,00 € e a súa distribución por capítulos en relación ao orzamento municipal do 2025 é a que se presenta no seguinte cadro:

CAPÍTULOS GASTO	2025	2026	CAPÍTULOS INGRESOS	2025	2026
G1- Gastos de persoal	1.055.636,06	<b>914.599,09</b>	I1- Imputos directos	768.129,31	<b>815.103,27</b>
G2- Gastos en bens e servizos	1.803.767,50	<b>2.210.992,00</b>	I2- Impostos indirectos	27.000,00	<b>26.992,00</b>
G3- Gastos financeiros	400,00	<b>100,00</b>	I3- Taxas e outros ingresos	239.508,00	<b>255.231,78</b>
G4- Transferencias correntes	205.300,00	<b>150.000,00</b>	I4- Transferencias correntes	2.258.155,02	<b>2.886.310,25</b>
G5- Fondo de continxencia	0,00	<b>4.573,00</b>	I5- Ingresos patrimoniais	0,00	<b>116.619,12</b>
G6- Investimentos reais	785.788,97	<b>1.637.335,10</b>	I6- Enax. de invers. Reais	0,00	
G7- Transferencias de capital	32.100,00	<b>0,00</b>	I7- Transferencias de capital	590.300,20	<b>1.249.743,58</b>
G8- Activos financeiros	0,00	<b>0,00</b>	I8- Activos financeiros	0,00	<b>0,00</b>
G9- Pasivos financeiros	100,00	<b>432.400,81</b>	I9- Pasivos financeiros	0,00	<b>0,00</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>3.883.092,53</b>	<b>5.350.000,00</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>3.883.092,53</b>	<b>5.350.000,00</b>

### Capítulo 1. Importe: 914.599,09 €

Recóllense as retribucións de todos os empregados públicos do concello:

- Persoal funcionario que consta na Relación de Posto de Traballo (RPT) tanto os postos cubertos como vacantes, por importe de 342.864,01 € (salarios e Seguridade Social).

- Persoal laboral fixo que consta na Relación de Posto de Traballo (RPT) tanto os postos cubertos como vacantes, por importe de 279.122,97 € (salarios e Seguridade Social).

- Persoal funcionario interino, contéplase o incremento derivado da disposición transitoria sexta (DT 6ª da Real Decreto-lei 6/2023 do 18 de decembro, RDL 6/2023), onde o Estado fixou unha nova regulación dos intervalos de nivel para cada grupo ou subgrupo profesional de funcionarios de carreira e interinos, cuxo resultado foi a elevación como criterio xeral dos mínimos para aplicar, establecendo para o Grupo C1 un nivel mínimo 16 e un nivel máximo 22. Polo que se aplicou o complemento de destino 16 mínimo establecido, xa que a funcionaria interina viña percibindo o complemento de destino 11 mínimos establecido na lexislación derogada para o Grupo C1.

- *Persoal laboral no previsto na RPT, con condición de indefinido ata a provisión dos postos na RPT e a realización do correspondente procedemento selectivo que proceda, dous postos: auxiliar camión lixo e auxiliar Punto de Atención á Infancia por importe de 44.124,76 € (salarios e Seguridade Social).*

- *Persoal laboral temporal: Contémplase 8 traballadores do PEL durante 9 meses a xornada completa por un importe total de 149.377,68 € dos cales 31.000,00 € son financiados pola Deputación Provincial.; ao igual que unha traballadora social e unha técnica da oficina de turismo durante 6 meses a xornada completa financiadas ao 100% pola Deputación provincial da Coruña. Prevese tamén un tractorista a xornada completa durante 6 meses e tres condutores motobomba tres meses a xornada completa ao abeiro do Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.*

*Inclúese este persoal porque tamén se inclúe a correspondente subvención entre os gastos subvencionados con subvencións finalistas.*

## **Capítulo 2. Importe: 2.210.992,00 €**

*Recolle e garante os gastos derivados da prestación dos servizos públicos municipais, moitos deles con contratos de prestación de servizos e subministros contratados, polo que a estimación se realizou en base aos importes de adxudicación dos contratos como sucede entre outros co servizo de axuda no fogar, conciliación, actividades da terceira idade, mantemento de alumeados públicos, actividades extraescolares, etc...*

*O incremento respecto do último orzamento aprobado deriva tal e como se estableceu no párrafo anterior, tanto polo incremento dos custes dos servizos producidos nos catro últimos anos así como a asunción por parte do Concello de novos servizos que non se prestaban con anterioridade.*

*O principal compromiso deste orzamento é o de seguir prestando uns servizos públicos de calidade así como cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

## **Capítulo 3. Importe: 100,00 €**

*Non hai gastos de xuros a aboar neste exercicio, posto que os catro préstamos existentes coa Deputación Provincial están exentos de aboamento de xuros. Prevese unha contía simbólica por se se produce algunha comisión bancaria.*

## **Capítulo 4. Importe: 150.000,00 €**

*Inclúense as subvencións que o concello outorga a persoas e/ou entidades para emerxencia social e fomento da natalidade; así como para actividades culturais, deportivas e festas tradicionais entre outras; con incremento de contías nestas últimas, mentres que nas de servizos sociais axustándose a media das concedidas nos últimos exercicios.*

## **Capítulo 5. Importe: 4.573,00 €**

*Dótase o Fondo de continxencia e outros imprevistos cunha cantidade equivalente ao 0,5 % de gastos de persoal e, previsión dos incrementos de gastos de persoal pola subida dos soldos.*

## **Capítulo 6. Importe: 1.637.335,10**

*Recolle as obras que prevé levar a cabo o concello de Touro durante 2026, que se recollen no cadro de investimentos que acompaña a este orzamento, e que se incrementa respecto do último orzamento aprobado pola consignación dos fondos do POS que fóronse incrementando nos últimos exercicios.*

## **Capítulo 7. Importe: 0,00 €**

## **Capítulo 9. Importe: 432.400,81 €**

*Neste capítulo prevese a amortización total dos préstamos existentes coa Deputación Provincial ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras do POS+ Adicional 3/2026 destinado á redución da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial, e do Plan Adicional ao establecer as Base 4.3 do POS+2026 "O Concello destinará esta achega á minoración da súa débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023 ata esgotala".*



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

## **INGRESOS**

A previsión de ingresos correntes permite dar cobertura os gastos correntes e ás amortizacións e incluso xerar aforro neto.

**CAPÍTULO 1.** Os **impostos directos** comprenden o Imposto sobre bens inmobles, o Imposto sobre actividades económicas, o Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica e recargas sobre impostos, os cales ascenden a un total de: 815.103,27 €.

Prodúcese un incremento, respecto ao último orzamento aprobado polo incremento nos padróns tributarios.

**CAPÍTULO 2.** Os ingresos que proveñen dos **impostos indirectos** e en concreto do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende a: 26.992,00 €.

Contía practicamente igual a última orzamentada e tomando como referencia a execución do orzamento 2025.

**CAPÍTULO 3.** Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de **taxas, prezos públicos e outros ingresos**, ascende a: 230.231,78 €

Esta cifra de ingreso calcúlase tendo en conta os dereitos que se prevén liquidar no exercicio actual, tomando como referencia o ingresado en 2025, contía lixeiramente inferior a orzamentada en 2022.

**CAPÍTULO 4.** Para o cálculo total de ingresos previstos no Capítulo IV por **transferencias correntes**, tense en conta o importe da participación nos tributos do Estado para o ano 2025, que se deberán considerar os mesmos créditos que se recollen no estado de gastos dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026. Por outra banda terase en conta ás subvencións solicitadas, as que se prevén concédanse, ou no seu caso concedidas polas Entidades Públicas (Xunta de Galicia e Deputación Provincial da Coruña).

Para o exercicio 2026 consígnase un importe de: 2.886.310,25 €

Contía superior a orzamentada en 2022, polo incremento entre outros da financiación do SAF, o POS destinado a gasto corrente.

**CAPÍTULO 5.** Os **ingresos patrimoniais** proveñen de xuros de depósitos e dos ingresos patrimoniais, que ascenden a 116.619,12 €.

Os ingresos patrimoniais derivan da monetarización do aproveitamento urbanístico do plan parcial S-04 PXOM por importe de 86.619,12 € do ano 2019 para destinalo a investimentos tal e como establece a lexislación aplicable, e os 30.000,00 € restantes derivan da previsión de xuros a ingresar polos depósitos existentes nas Entidades bancarias.

**CAPÍTULO 6.** Non se prevén **alleamentos de investimentos reais**.

**CAPÍTULO 7.** O Capítulo VII de **Transferencias de Capital** do Orzamento de Ingresos calculáronse en base ás subvencións concedidas, ou que se prevé a súa concesión polas Entidades Públicas e Privadas ascenderá a: 1.249.743,58 € (prevese a subvención concedida polo Instituto Galega de Vivenda e Solo, o plan de mellora de Camiños 2026-2027, a subvención nominativa da Deputación, o POS Adicional 4/2025 e o POS 2026.

**CAPÍTULO 8.** Non se prevén **activos financeiros**.

**CAPÍTULO 9.** O **pasivo financeiro** vén reflectido polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación. Non están previstos pasivos financeiros.

## **NIVELACION E EQUILIBRIO**

Sendo o montante total dos Orzamentos Xerais para o ano 2026 de 5.350.000,00 €, tanto no que respecta o estado de gastos como o estado de ingresos, presentan formalmente a nivelación

orxamentaria esixida no artigo 165.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2005 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de Asuntos Xerais celebrada o 9 de marzo de 2026 co seguinte tenor literal:

Confeccionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2026 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

**PRIMEIRO.** Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orxamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do Orzamento en termos consolidados por importe de 5.349.668,20 € conforme dispón o artigo 30.1 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orxamentaria e Sustentabilidade Financeira.

**SEGUNDO.** Prestar aprobación ao proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2026 co seguinte detalle:

<b>ESTADO DE GASTOS</b>	<b>IMPORTE</b>
G1- Gastos de persoal	914.599,09
G2- Gastos en bens e servizos	2.210.992,00
G3- Gastos financeiros	100,00
G4- Transferencias correntes	150.000,000
G5- Fondo de continxencia	4.573,00
<b>Total operacións correntes</b>	<b>3.280.264,09</b>
G6- Investimentos reais	1.637.335,10
G7- Transferencias de capital	0,00
G8- Activos financeiros	0,00
G9- Pasivos financeiros	432.400,81
<b>Total operacións de capital</b>	<b>2.069.735,91</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>5.350.000,00</b>

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
I1- Impostos directos	815.103,27
I2- Impostos indirectos	26.992,00
I3- Taxas e outros ingresos	255.231,78
I4- Transferencias correntes	2.886.310,25
I5- Ingresos patrimoniais	116.619,12
<b>Total operacións correntes</b>	<b>4.100.256,42</b>
I6- Enax. de invers. Reais	0,00
I7- Transferencias de capital	1.249.743,58
I8- Activos financeiros	0,00
I9- Pasivos financeiros	0,00
<b>Total operacións de capital</b>	<b>1.249.743,58</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>5.350.000,00</b>

**TERCEIRO.** Prestar aprobación á plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral, así coma o anexo de inversións e as bases de execución.



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**CUARTO.** Que o orzamento aprobado, xunto co cadro de persoal, se expoña ó público durante quince días hábiles, mediante anuncios a inserir no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións polos interesados lexítimos, de conformidade con canto se dispón no artigo 169.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; dispoñendo que de non formularse reclamacións en tempo hábil, a aprobación inicial acordada elevarase a definitiva sen máis trámite

**QUINTO.** Remitir copia á Administración do Estado, así coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Tras a quenda de intervencións procedeuse

### VOTACIÓN

Resultando aprobado o proxecto de orzamento para o exercicio 2026, por maioría absoluta por seis votos a favor (5 concelleiros do PP e o concelleiro non adscrito), catro abstencións (3 concelleiros de MVXT e o concelleiro do PG) e o voto en contra do concelleiro do BNG; sendo once o número legal de membros da Corporación.

### 7 EXPEDIENTE 2026/X999/000010. SISTEMA DE VIDEOACTAS NO CONCELLO DE TOURO. APROBACIÓN.

Por parte da secretaría-intervención proceeuase a facer un resumo e motivación da proposta que consta no expediente co seguinte tenor literal:

#### Antecedentes de feito.-

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público consolidan legalmente o uso xeneralizado e habitual dos medios electrónicos tanto no procedemento administrativo como no réxime xurídico, organización e funcionamento das Administracións Públicas.

A necesidade de adaptar a xestión municipal ás novas tecnoloxías, ás esixencias que establecen tanto a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno como o restante marco legal no relativo a sinatura electrónica e acceso electrónico dos cidadáns á información municipal, considérase oportuno modernizar o sistema de confección das actas do Pleno adoptando o sistema de documentos audiovisuais en formato electrónico.

Con este sistema mellórase a eficacia e eficiencia nos procedementos administrativos pois diminúe e axiliza os tempos dedicados na laboriosa redacción das actas plenarias, e ademais permite seguir mellorando en transparencia institucional, simplificación e modernización administrativa.

O Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG de 01/03/2018), sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas establece no artigo 2.4 que por acordo de pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.

O vídeo acta ou acta audiovisual é un documento electrónico que combina ou asocia dous ficheiros, un multimedia de audio e vídeo da sesión plenaria e outro que contén a acta escrita convencional da sesión, asinados electronicamente pola secretaria do Concello, como fedatario municipal, e por parte da alcaldía. Este novo documento incorpora garantías de legalidade, integridade e autenticidade pois permitirá asinalo cun sistema de autenticación e sinatura electrónica, con firma avanzada e recoñecida, con xeración dun Código Seguro de Verificación (CSV) e Selo de Tempo (TSA).

O vídeo acta estará composto necesariamente polos seguintes elementos:

- A acta, documento escrito (PDF) co contido dos seguintes datos: lugar, data e hora da realización da sesión; a súa indicación do carácter ordinario ou extraordinario; os seus asistentes e os membros que se escusaron; así como o contido dos acordos alcanzados, con expresión do sentido do voto dos membros presentes da Corporación. As deliberacións e intervencións non se transcriben neste documento remitíndose mediante as referencias necesarias ao vídeo do Pleno.
- Documento audiovisual ou vídeo, que contén a gravación de todo o que ocorreu na sesión: soporte de audio e imaxes. Neste aparece a literalidade das intervencións de cada un dos oradores.
- Sinatura electrónica de ambos os documentos polas persoas que ocupan o posto de titular da secretaría do Concello e da alcaldía.

O contido íntegro do vídeo da sesión xunto coa acta e orde do día, poderá ser visualizado en calquera momento pola cidadanía na sede electrónica do Concello de Touro, na dirección <https://sede.touro.gal>

### **Fundamentos xurídicos.-**

A Lei 39/2015, do 1 de outubro e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, xeneralizan o emprego de medios electrónicos; destas leis deriva a obriga de emprego de medios electrónicos nas actuacións das administracións públicas.

O artigo 52 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, confire aos libros de actas que regula a consideración de instrumento público solemne, actas que deben ter o contido mínimo previsto no artigo 50 do mesmo texto refundido; ambos preceptos teñen carácter básico conforme o indicado na disposición derradeira sétima, número 1, letra a) do texto refundido. Aos libros de actas, así como aos libros de resolucións, refírese tamén o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, no seu artigo 2 apartados 1 e 2, determina que *“1. As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno constarán en documentos asinados electronicamente pola persoa titular da secretaría e pola persoa titular da presidencia do órgano colexiado de goberno ou persoa que a substitúa ou en quen delegue. Así mesmo, as resolucións ou decretos constarán en documentos asinados electronicamente pola persoa titular da secretaría e pola persoa titular da presidencia da entidade local, ou persoa que a substitúa ou en que delegue. As sinaturas destes documentos terán as garantías exixidas pola normativa reguladora dos documentos electrónicos. 2. As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno estenderanse en soporte electrónico incorporando, ou non, o arquivo audiovisual das sesións.”*

No apartado 4 do mesmo artigo contéplase que *“Por acordo de pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.*

*A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese como un documento electrónico e multimedia que conteña como mínimo:*

*a) A consignación expresa dos seguintes datos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se for o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.*

*b) A gravación da sesión cun arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.*

*c) Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.”*

Á vista destes antecedentes e da normativa aplicable, **PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:**



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**PRIMEIRO.** Aprobar a implantación do sistema de actas audiovisuais, de xeito que se incorpore o arquivo audiovisual na elaboración das actas das sesións do Pleno do concello. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, incorporárase á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións. Si se incorporarán á acta os rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión será un documento electrónico e multimedia que conterá como mínimo:

a) A consignación expresa dos seguintes datos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se for o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.

b) A gravación da sesión cun arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.

c) Sinatura electrónica: A sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

O contido íntegro do vídeo da sesión, xunto coa orde do día, poderá ser visualizado pola cidadanía na sede electrónica do Concello de Touro.

**TERCEIRO.** A implantación do sistema terá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2026.

**CUARTO.** Publicar este acordo no taboleiro de edictos da sede electrónica a efectos do seu público coñecemento.

## INTERVENCIÓNS

Non se producen

## VOTACIÓN

Resulta aprobada a proposta de implantación do sistema de viedoactas, pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

## II PARTE DE CONTROL

### 8 EXPEDIENTE 2026/G006/000058. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 19 DE FEBREIRO E O 10 DE MARZO DE 2026. TOMA DE RAZÓN. TOMA DE RAZÓN.

#### ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 19 de febreiro e o 10 de marzo de 2026.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

#### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.** O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 19 de febreiro e o 10 de marzo de 2026.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000059	EXPEDIENTE 2026/G010/000003. Pleno sesión ordinaria 24 de febreiro de 2026. Convocatoria.	53/2026	19-02-2026
2026/G003/000062	EXPEDIENTE 2026/S002/000011.	54/2026	19-02-2026

	Baixa Servizo Axuda no Fogar		
2026/G003/000060	EXPEDIENTE 2026/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026). Aprobación convocatoria e bases de selección.	55/2026	19-02-2026
2026/G003/000066	EXPEDIENTE 2026/G003/000066 Juan Ramón López Tojo. Recoñecemento de produtividade (mes de febreiro 2026)	56/2026	20-02-2026
2026/G003/000065	EXPEDIENTE 2026/G003/000065 Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de febreiro 2026)	57/2026	20-02-2026
2026/G003/000064	EXPEDIENTE 2026/G003/000064. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de febreiro de 2026	58/2026	20-02-2026
2026/G003/000063	EXPEDIENTE 2026/S002/000012. Solicitud de suspensión SAF por de ausencia do domicilio	59/2026	20-02-2026
2026/G003/000061	EXPEDIENTE 2026/E001/000002. Proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero. Aprobación convocatoria e bases de selección.	60/2026	20-02-2026
2026/G003/000067	EXPEDIENTE 2026/A008/000021. Subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B). Solicitud de subvención.	61/2026	23-02-2026
2026/G003/000068	EXPEDIENTE 2026/G007/000004. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2026. Convocatoria.	62/2026	23-02-2026
2026/G003/000071	EXPEDIENTE 2026/S003/000002. Solicitud de praza no Punto de Atención á Infancia. Concesión	63/2026	24-02-2026
2026/G003/000070	EXPEDIENTE 2025/E001/000007. Selección de persoal laboral temporal por substitución do operario auxiliar do camiión do lixo. Procedemento de selección a través do Servizo Público de Emprego.	64/2026	24-02-2026
2026/G003/000069	EXPEDIENTE 2026/G003/000069. Pago modelo 111 regularización retencións a conta IRPF exercicio 2023.	65/2026	24-02-2026
2026/G003/000073	Pago taxas por autorización de obras ou traballos no dominio público hidráulico procedemento AU113A da obra Mellora do bombeo da captación da Etap de Touro- 1ª fase	66/2026	25-02-2026
2026/G003/000076	EXPEDIENTE 2026/S001/000002. Solicitud do Programa Xantar na Casa.	67/2026	26-02-2026
2026/G003/000075	EXPEDIENTE 2026/A008/000022. Axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (Programa Galicia refuxio Climático) así como a actuacións de identificación e adecuación de refuxios climáticos para a biodiversidade (Programa PIMA Adapta Refuxios Climáticos), e se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2026 (código de procedemento MT975Y).	68/2026	26-02-2026
2026/G003/000074	EXPEDIENTE 2026/X999/000014. Aprobación nóminas febreiro 2026.	69/2026	26-02-2026
2026/G003/000078	EXPEDIENTE 2026/A008/000015. Axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026- 2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023- 2027 de España, en réxime de concorrencia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E). Solicitud de subvención.	70/2026	26-02-2026
2026/G003/000029	EXPEDIENTE 2026/X999/000009. Aprobación conta xustificativa gastos FITUR e indemnización por razón de servizo.	71/2026	26-02-2026
2026/G003/000079	EXPEDIENTE 2025/C003/000011. Actuacións para a redución das infiltracións e dixitalización nas instalacións de saneamento de Touro". Aprobación Plan de Seguridade e Saúde da obra "	72/2026	27-02-2026



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

2026/G003/000080	EXPEDIENTE 2026/S002/000013. Modificación Servizo Axuda no Fogar	73/2026	27-02-2026
2026/G003/000081	EXPEDIENTE: 2026/G003/000081. Pago taxas por autorizacións de servizos, centros e programas, procedemento BS103K, da obra Mellora das condicións do parque exterior do Punto de Atención á Infancia.	74/2026	02-03-2026
2026/G003/000083	EXPEDIENTE: 2026/G003/000083. Pago taxas por autorizacións de obras ou traballos no dominio público hidráulico ou zona de policía de leitos, procedemento AU113A, da obra "Mellora do camiño de Quintás a Corneda".	75/2026	03-03-2026
2026/G003/000084	EXPEDIENTE 2026/A008/000024. Programa de infravivenda para o ano 2026, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento VI406A). Solicitud de subvención.	76/2026	03-03-2026
2026/G003/000085	EXPEDIENTE 2026/G012/000002. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión ordinaria do 9 de marzo de 2026.	77/2026	04-03-2026
2026/G003/000086	EXPEDIENTE 2026/A008/000016. Subvención para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G). Solicitud de subvención.	78/2026	05-03-2026
2026/003/000087	EXPEDIENTE 2026/A008/000018. Subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. (Código de procedemento PR483A). Solicitud.	79/2026	05-03-2026
2026/003/000088	EXPEDIENTE 2026/A008/000017. Subvención da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. (Código de procedemento PR483C). Solicitud subvención.	80/2026	06-03-2026
2026/003/000089	EXPEDIENTE 2026/T002/000001. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Financiamento de persoal técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero no ano 2026.	81/2026	06-03-2026
2026/003/000090	EXPEDIENTE 2026/A008/000019. Axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60 % do gasto elixible para o ano 2026 (código de procedemento MT975X). Solicitud de subvención.	82/2026	06-03-2026
2026/003/000091	EXPEDIENTE 2026/G007/000005. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 10 de marzo de 2026. Convocatoria.	83/2026	09-03-2026
2026/003/000092	EXPEDIENTE 2026/A008/000020. Subvención do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento SI436A, SI436B e SI436C). Solicitud.	84/2026	10-03-2026
2026/003/000093	EXPEDIENTE 2026/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026). Lista provisional de persoas admitidas e excluídas.	85/2026	10-03-2026
2026/003/000095	EXPEDIENTE 2026/003/000095. Aprobación copagamento servizo de axuda no fogar, mes de febreiro de 2026.	87/2026	10-03-2026
2026/003/000094	EXPEDIENTE 2026/E001/000001.	87/2026	10-03-2026

	Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026). Lista provisional de persoas admitidas e excluídas.		
--	---	--	--

O Pleno dase por enterado.

## 9 MOCIÓNS.

### 9.1 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG PARA FACILITAR A SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

*O acceso a unha vivenda digna e en condicións adecuadas de habitabilidade constitúe un dereito básico da cidadanía e un elemento fundamental para garantir a calidade de vida no medio rural. Nos concellos de menos de 5.000 habitantes, como é o caso de Touro, a rehabilitación do parque inmobiliario existente resulta clave para fixar poboación, mellorar a eficiencia enerxética das edificacións e contribuír á dinamización social e económica do municipio.*

*A recente Orde do 22 de decembro de 2025 pola que se establecen axudas para propietarios en concellos de menos de 5.000 habitantes establece un marco de subvencións destinado a apoiar economicamente actuacións de rehabilitación de vivendas, mellora da accesibilidade, eficiencia enerxética e conservación.*

*Non obstante, a complexidade administrativa destes procedementos —incluíndo a recompilación de documentación técnica, a (preferente) presentación telemática de solicitudes e o cumprimento de requisitos específicos— pode supoñer unha dificultade significativa para moitos veciños e veciñas, especialmente persoas maiores ou con limitacións no acceso ás novas tecnoloxías.*

*O Concello, como administración máis próxima á cidadanía, debe facilitar os medios necesarios para garantir que todas as persoas potencialmente beneficiarias poidan acceder en igualdade de condicións a estas axudas, evitando que a falta de asesoramento técnico ou administrativo impida o seu aproveitamento.*

*A posta en marcha dun servizo municipal de asesoría e acompañamento na tramitación destas subvencións contribuiría por unha banda a favorecer a rehabilitación e posta en valor do parque de vivendas existente e incrementar o número de solicitudes presentadas desde o municipio e por outra banda tamén a impulsar a actividade económica local vinculada á construción e á reformae a mellorar a eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental.*

*Por todo o exposto con anterioridade o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

#### ACORDOS

- 1. Instar ao Goberno municipal a crear e poñer a disposición da veciñanza un servizo municipal específico de asesoría e acompañamento para a tramitación das axudas reguladas na Orde do 22 de decembro de 2025 pola que se establecen axudas para propietarios en concellos de menos de 5.000 habitantes.*
- 2. Que este servizo inclúa información e apoio personalizado sobre requisitos, contías e recompilación da documentación necesaria para a presentación das solicitudes.*
- 3. Dar difusión pública deste servizo a través da páxina web municipal, bandos, redes sociais e demais medios de comunicación local.*

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da Moción

#### VOTACIÓNS

A Moción resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

### 10 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro pregunta:

1. Había unha subvención solicitada a Augas de Galicia para instalar unha fosa de tratamento de augas residuais na Quintá que quedou aprobada do noso goberno no ano 2025 que o goberno actual non foi capaz de executar en prazo, perdeuse a subvencións. Cónstanos que no ano 2026 volveron a solicitar subvención para esa actuación, non me consta que resolvesen o contrato do ano 2025 coa empresa adxudicataria. Se teñen previsto de concederse esta nova subvención, se pretende executala cunha contratación previa do ano 2025.

O Sr. alcalde di que se recibimos a subvención financiarase a actuación con cargo a ela senón farase con fondos propios, xa se explicou en plenos pasados, non foi posible conseguir no mercado o equipamento previsto na memoria técnica, a pesar das xestións que se fixeron incluso para que se presentaran á licitación e non quedase deserta a licitación. Saíu a convocatoria este ano e decidiron solicitala.

O voceiro de Movemento Veciñal di que a pregunta é se teñen previsto, de concederse esta nova subvención, se pretende executala cunha contratación previa do ano 2025.

O Sr. alcalde resposta que estudárase, se é legalmente así, senón resolvese o contrato e volveremos a licitar a obra, é un contrato menor que non provoca grandes problemas para a súa licitación.

2. O Sr. Roberto Castro di que non sabe se é coñecedor das deficiencias do alumeadado público, especialmente na Fonte Díaz, onde leva semanas unha parte que non encende, encende tarde e por un mecanismo bastante precario no ano 2026, que é que unha persoa abre o cadro eléctrico e acciona a luz.

O Sr. alcalde di que o fai un empregado municipal.

O Sr. Castro Rocamonde di e iso leva así semanas.

O Sr. alcalde di que son coñecedores do problema e estamos encima da empresa adxudicataria do servizo de mantemento e esperamos que o resolvan á maior brevidade posible.

3. Respecto do camión do lixo, o do Concello non está operativo, leva semanas recorrendo ao aluguer dun camión con condutor, o que implica un encarecemento do servizo e unha mala execución do servizo xa que o persoal non coñece os recorridos co nivel de coñecemento que si ten o empregado municipal encargado deste servizo. Cal é o problema do camión do lixo, é un problema de avaría de taller ou teñen que levalo ao Corpiño?

O Sr. alcalde di que ao mellor fan falla as dúas cousas. Podemos facer toda a demagogia que queiramos con este tema, xa expliquei no Pleno pasado que o camión ten unha serie de avarías, unha importante, na caixa compactadora, outra no cambio e unhas avarías na estrutura da caixa, polo que habería que preguntarse porque hai tantas avarías sobre todo na estrutura da caixa, porque se cadra xa ven de atrás, se non poñemos os medios para que o camión se baleire no día e non quede o lixo cargado ata o día seguinte, o que está a provocar un deterioro da caixa. Estamos pendentes da parte da mecánica, da caixa compactadora, das centralillas e tan pronto como se resolvan estes temas porase en funcionamento o camión propio que é do que se trata e o que queremos todos. É unha situación extraordinaria que trataremos de resolver a maior brevidade.

4. Respecto á limpeza, especialmente na Fonte Díaz, en concreto, á falla de limpeza, non se barre dende antes do Nadal, o lixo que caeu dos contedores segue por alí, o aire císcalo. É unha imaxe que vemos nos e o resto do veciños que no lo contan, é así ou son fantasías nosas?

O Sr. alcalde di que non imos negar o que é evidente, tamén é certo que carecemos de persoal suficiente para facer a limpeza, o 1 de abril entrarán a traballar os oito traballadores contratados a través do PEL e a partir dese intre empezaremos a programar as limpeza como corresponde. É cuestión de días que este tema se solucione.

5. Pareceume ver nun decreto de produtividade, con cincuenta horas extras nun mes, sen facer a recollida o lixo, é correcto?

O Sr. alcalde di que é moi sinxelo de explicar, agora mesmo temos cinco persoas de oficios contratadas no Concello, dúas están de baixa, unha dende hai un ano e outra menos dun mes, quedan activas tres persoas, gracias a sa persoa á que se lle pagou a produtividade se presta, porque aínda que se pague a produtividade cantos traballadores estrían dispostos a estar todos os fins de semana en todas as actividades que organiza o Concello, porque a outra opción era non prestar os servizos. A parte de pagarlle, estou tremendamente agradecido pola súa dispoñibilidade e aínda me parece pouco o que lle pagamos, estanos sacando de todos os apuros ata que teñamos xente, a partir do 1 de abril poderemos organizar e programar os traballos doutra maneira, pero agora mesmo non temos outra opción, ofrecéuselle a outro traballador dos tres que mencionei pagándolle o mesmo e non quixo.

- O voceiro do BNG, Sr. Louzao formula unha pregunta sobre un gasto de asesoría xurídica por importe de decembro de 2025 e xaneiro de 2026. Eu xa preguntara sobre este mesmo gasto, en novembro se ía a manter e por parte do goberno se nos dixo que se ía a mirar isto, se era imprescindible ou non e se o era sacariase a licitación pública. A pregunta é a que conclusión se chegou.

O Sr. alcalde resposta que polo momento é imprescindible senón non seguiríamos con el, si o imos a sacar a licitación en canto dispoñamos de tempo e de persoal. Xa deixamos claro que nos queremos ter externalizados os mínimos servizos posibles, só aqueles que non sexa viables prestalos directamente. O que é propiamente asesoría xurídica haberá que valorar se se pode prescindir ou non, están a facer outras funcións a maiores como xestión de contratos, de mesas de contratación, pregos e por ese lado si entendo poderemos reducir. Estamos de acordo en recuperar es servizos que temos externalizados, iremos pouquiño apouco, estamos cunha revisión da Relación de postos de traballo e enfocaremos algúns deses servizos que temos externalizados.

- O Concelleiro do PG, Sr. Jesús Martínez fai un rogo para que se retire en Quión onda a Igrexa dous colchóns que levan alí dous meses tirados.

O Sr. alcalde di que tan pronto entre en marcha a cuadrilla de persoal, faremos unha recollida de voluminosos a demanda, casa por casa, xa que hai xente que non ten medios para trasladalos ao Punto Limpo.

O Concelleiro do PG, Sr. Jesús Martínez pregunta pola senda da Toxa, se sacou a concurso; e pola depuradora da Abelenda?

O Sr. alcalde di que aínda non iniciamos o expediente de contratación, iniciáremolos pronto e imos a facer esas obras.

- O concelleiro non adscrito, Darío Rey fai un rogo para que siga contestando as preguntas por orde para non confundir, porque había alcaldes que contestaba todas xuntas e non se entendía.

O Sr. alcalde di que seguirémolo facendo.

**\* As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

**<https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos>**

**<https://www.youtube.com/watch?v=PjJXJV4YIaM>**

**\* As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/00004 e identificado pola pegada dixital: adbe3ec905353bd6235891ec5ad702b04834f350444054fce7fe306dbe456ab1**

#### **Minutaxe**

00.00.39 EXPEDIENTE 2025/G010/000015. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 13 de novembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

00.00.50 EXPEDIENTE 2025/G010/000016. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 27 de novembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

00.01.00 EXPEDIENTE 2025/G010/000017. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 11 de decembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

00.01.11 EXPEDIENTE 2025/G010/000018. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 23 de decembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

00.01.25 EXPEDIENTE 2024/C004/000005. Servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Touro. Prórroga contrato.

00.12.47 EXPEDIENTE 2026/T004/000001. Orzamento municipal exercicio 2026. Aprobación.

01.11.30 EXPEDIENTE 2026/X999/000010. Sistema de videoactas no Concello de Touro. Aprobación.

01.14.16 EXPEDIENTE 2026/G006/000058. Decretos da Alcaldía ditados entre o 19 de febreiro e o 10 de marzo de 2026. Toma de razón. Toma de razón.

01.14.28 Moción Grupo Municipal BNG para facilitar a solicitude de axudas para a rehabilitación de vivenda.

01.19.35 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.34 horas do 16 de marzo de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente